

ANEXO

MODELO DE SOLICITUDE

D./Dna. _____ con D.N.I. num _____,
Inscrito/a no rexistro de demandantes de vivenda protexida co número de credencial
_____, tfno. de contacto _____, á vista da apertura do procedemento de
selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de
promoción privada de réxime concertado número C09-VC-0068/10, na modalidade de
compra, promovido por O FERRADO SOC. COOP. GALEGA no SUNP 5 A Muiña- Parc. UE-R3,
Bloque 5-6-7, concello de Santiago.

EXPÓN

1º Que, interesado/a nas vivendas protexidas da devandita promoción, solicita a inclusión
no procedemento para a súa adxudicación.

2º Que, no caso de resultar adxudicatario/a, autoriza ao IGVS a facilitar os seus datos
persoais á empresa promotora, para os exclusivos efectos de realizar a comunicación
prevista no artigo 38.2 do Decreto 1/2010 para a formalización da compravenda.

_____, ____ de _____ de 201__

Sr Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Praza Luis Seoane, s/n. A Coruña

RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PRIVADA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm. C09-VC-0068/10 presentada pola entidade promotora O FERRADO SOC. COOP. GALEGA.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en adiante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm. C09-VC-0068/10

As características da promoción son as seguintes:

Localización: SUNP 5 A MUIÑA- PARC. UE-R3, BLOQUE 5-6-7 - SANTIAGO

Forma de acceso: Compra

Estado de execución: En obra.

Data prevista de remate: decembro de 2013

Número e tipoloxía das vivendas: 14 para quenda Xeral.

5 de 2 dormitorios

9 de 3 dormitorios

Superficie útil das vivendas: Entre 63,17 e 90,00 m².

Superficie útil dos anexos: Garaxe: 25 m²; Rocho: entre 7,02 e 11,62 m².

Prezo de venda (sen IVE) : 1.364,40 €/ m² a vivenda; 818,64 €/ m² garaxe e rocho

Forma de pago: 42.120 € ao facerse socio da cooperativa; resto no momento da escritura pública.

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010. Non se admitiran solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas de protección oficial de promoción privada non resolto no que o interesado figurase como reserva.

A Coruña, 04 de outubro de 2011.

O Xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas

Asdo.: Jose Antonio Álvarez Vidal